



## Deportes

**\*I GALA DE PATINAXE:** o día 5 de Abril a partir das 17:00 no Polideportivo de Toques, os nenos e nenas da Escola de Patinaxe do noso Concello demostrarán as súas habilidades sobre os patíns nunha gala organizada pola área de deportes dos diversos concellos da zona. Nesta gala preténdese que os pequenos/as amosen mediante circuítos e coreografías o aprendido ó longo do curso, disfrutando así dunha xornada divertida e didáctica.

**\*ESCOLAS DEPORTIVAS DE FÚTBOL SALA:** o próximo mes de abril dará comezo a *Liga Intermunicipal de fútbol sala*, na que os nenos e nenas da nosa escola participarán, disputando partidos en varias xornadas consecutivas contra equipos de zonas que conforman outras ligas de Deporte Escolar como son: Arzúa, Touro, Curtis, O Pino, Frades, Ordes, Toques e Melide.

**\*SAÍDAS Ó BALNEARIO BRIÓN:** os vindeiros mércores 2, 9 e 16 de abril terán lugar as saídas ó balneario de Brión. Saída ás 15:30 do Centro de Maiores. Prezo: 7 euros por sesión. Anotarse na Casa do Concello ou no Centro de Maiores. 981516020 ou 981516520.

Recomendacións: levar bañador e gorro de piscina, o balneario facilita toallas e zapatillas. Aquelas persoas que permanecían anotadas de veces anteriores, seguen na lista e serán avisadas cando se efectúe a saída.

**Dende o 14 de abril ao 21 de abril (ambos os dous incluídos)  
non haberá actividades deportivas municipais.**

## OMIX Boimorto



xuventude.net

Dende este mes de marzo os mozos e mozas entre 12 e 30 anos poden acercarse ó Concello a tramitar o Carné Xove, este carné é unha tarxeta persoal e intransferible á disposición da mocidade galega, que a acredita como tal, e coa que obtén descontos e vantaxes das entidades colaboradoras en España e nos 40 países europeos adheridos ao programa do Carné Xove.

**\*VOLUNTARIADO:** O concello de Boimorto ten catro prazas de voluntarios/as pendentes de cubrir. Aquelas persoas interesadas poden pasar polo concello para preguntar ou anotarse. Este ano contamos de novo cunha subvención da Xunta para cubrir gastos de transporte e manutención ademais de acreditar un título coas horas feitas e o traballo realizado durante o voluntariado.

Os voluntarios deberán ter entre 18 e 30 anos.

# **Programa Magreco 2014**

## **Sábado 29 de marzo de 2014**

---

- **11:00** - Apertura da feira, acto inauguración por parte do Alcalde
- **11:30** - Charla: Utilización enerxética da Biomasa, no Colexio Público de Boimorto. Características das instalacións con Biomasa, Prezo da Biomasa e tipos de biocombustibles forestais.
- **12:30** - Charla: As reformas da PAC. No Colexio Público de Boimorto
- **16:30** - Xornada Formativa: Oportunidades para o Sector Forestal (qué, cómo e cándo plantar o eucalipto, cómo coidar o monte para que medre máis, cándo cortar, ...). No Colexio Público de Boimorto
- **17:00** - Exposición de xovencas para poxa
- **20:00** - Peche do recinto feiral

## **Domingo 30 de marzo de 2014**

---

- **11:00** - Apertura de portas
- **12:00** - Poxa de xovencas. Na zona de exposición de maquinaria.
- **13:30** - Degustación de Produtos da Terra. No Campo do Rosario
- **16:00** - Taller de relaxación/ meditación. No polideportivo Municipal
- **16:30** - Desfile de maquinaria antiga. O desfile realizarase polo Casco Urbán de Boimorto.
- **18:00** - Peche do recinto e da Feira

Unha empresa expositora da nosa feira busca comerciais para a zona. Aquelas persoas interesadas poderán pasar polo polideportivo e poñerse en contacto con eles. A empresa está moi interesada en buscar xente para esta zona.

**Haberá atraccións para os cativos durante todo o día, circuítos de buggys, inchables, toro mecánico,...**